





FERVENZAS DO ABELLEIRA

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 800 m
Dificultade: baixa
Duración: 30 minutos



No Rego de Abelleira, afluente do Barcés (Mero), en Hervés (Carral).

O Rego de Abelleira ou do Batán ten un curto percorrido desde o monte San Bartolomeu ata xuntarse co Barcés. Na baixada da costa da Égoa salva un gran desnivel con rápidos e fervezas nunha zona aproveitada por catorce muíños, unha pequena central hidroeléctrica e batáns convertidos nun ecomuseo.

COMO CHEGAR:

Na estrada de A Coruña a Santiago, pasado Hervés, atópase un indicador nunha curva da estrada vella abandonada, na zona da Costa da Égoa. Séguese o sendeiro a carón do río por onde se poida e vense varias fervezas.

